



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2014, XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO.

ANTECEDENTES

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística convocou o 05 de novembro de 2013 un concurso para a elaboración dunha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2014 —Xosé María Díaz Castro—, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que este viviu.

2. O obxecto deste concurso foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Xosé María Díaz Castro e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomenta o labor de investigación do alumnado sobre a obra, época, lingua e etapa sociolingüística do autor homenaxeado.

3. Neste concurso puideron participar todos os centros de ensino non universitario de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4. A convocatoria estableceu dúas categorías:

- a) Para os centros de educación infantil e primaria.
- b) Para os centros de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, de formación profesional e para os restantes centros de ensinanzas especiais: ensinanzas artísticas (de arte dramática, de artes plásticas e deseño, de conservación e restauración, de danza, de deseño, de música), ensinanzas deportivas e ensinanzas de idiomas.

5. A xestión da convocatoria realizouse conforme ás bases da convocatoria.

Unha vez recibido o ditame do xurado, que valorou os traballos presentados segundo o establecido na convocatoria,

RESOLVO

1. Agradecer a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
2. Declarar gañador do concurso na categoría a) educación infantil e primaria a exposición “Esmeralda”, elaborada polo CEIP Plurilingüe Lagostelle de Guitiriz (Lugo), que recibirá o premio establecido na base 6.
3. Declarar gañador do concurso na categoría b) educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e restantes centros de ensinanzas especiais a exposición “Sombras radiantes”, elaborada polo IES Perdouro de Burela (Lugo), que recibirá o premio establecido na base 6.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2014

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística

